


Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2014

Páxina 1 de 5

**ESPINA Y DELFIN, S.L.**

Vía Edison, 9 (Polígono Industrial do Tambre)

15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nº de Identificación: C510999

Sr. Director da Entidade subministradora de Auga e/ou prestadora do servizo de sumidoiros,

COMUNICACION DAS NOVAS TARIFAS A APLICAR DE CANON DA AUGA E COEFICIENTE DE VERTEDEURA

O artigo 64 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 (DOGA nº 249, de data 31 de decembro de 2013), modifica os apartados 2 e 3 do artigo 53; 2 do artigo 55; 3 do artigo 56; 2,3 e 6 do artigo 57; 2 e 3 do artigo 58; 2 e 3 do artigo 59; 2, 3 e 4 do artigo 60 e 2, 3, 4 e 5 do artigo 61 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establecéndose novos valores dos tipos de gravame do canon da auga e do coeficiente de vertedura, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2014, e quedando ditos tipos da seguinte forma:

Usos domésticos:

Tarifa fixa: 1,54 € por contribuínte e mes, no caso de que no período o contribuínte non sobrepase o volume establecido no primeiro tramo a cota fixa será de 0,51 € por contribuínte e mes.

Tarifa variable:

Tramos	Tipos de gravame (€/m3)
Primeiro	0,00
Segundo	0,29
Terceiro	0,37
Cuarto	0,42

Usos asimilados a domésticos:

Tarifa fixa: 1,54 € por contribuínte e mes, no caso de que no período o contribuínte non sobrepase o volume establecido no primeiro tramo a cota fixa será de 0,51 € por contribuínte e mes.

Tarifa variable:

Tramos	Tipos de gravame (€/m3)
Primeiro	0,29
Segundo	0,29
Terceiro	0,37
Cuarto	0,42

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2014
Páxina 2 de 5

Usos industriais por volume:

Tarifa fixa: 2,57 € por contribuínte e mes.

Tarifa variable: 0,433 euros / m³

- Usos industriais por carga contaminante: No caso daqueles abonados que teñan establecido un tipo impositivo específico e que dito tipo fora comunicado a esa entidade subministradora por este Ente, o novo tipo impositivo a aplicar para subministros efectuados a partir do 1 de xaneiro de 2014 será o mesmo que no ano 2013 multiplicado por un factor de 1,02 e tomando a cifra resultante con catro cifras decimais, efectuándose o redondeo por exceso ou por defecto ao cuarto decimal máis próximo.

Isto supón que os subministros efectuados a partires do 1 de xaneiro de 2014, deberán ser gravados coas novas tarifas indicadas de canon da auga e do coeficiente de vertedura, mentres que as facturas emitidas durante este ano, correspondentes a subministros efectuados no ano anterior, deberán incluír as tarifas vixentes anteriormente.

RECORDATORIO DOS MODELOS A PRESENTAR

Durante o mes de xaneiro de 2014 procede presentar o modelo de autoliquidación do canon da auga (modelo AU230A) e do coeficiente de vertedura (modelo AU230B), ademais do correspondente modelo de autoliquidación do canon de saneamento (modelo 100).

A tal efecto, e en relación á presentación dos citados modelos, cómpreme informarlle do seguinte:

- 1) Os modelos de declaración están a súa disposición nos seguintes enderezos web:
 - Os modelos AU230A (canon da auga) e AU230B (coeficiente de vertedura) están dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>). No caso de dispoñer de certificado dixital poderá presentar ditos modelos a través da propia sede electrónica.
 - O modelo 100 (canon de saneamento), así como os restantes modelos referidos a este tributo, están á súa disposición xunto coas instrucións para proceder á súa cobertura no apartado 'Xestión da auga', dentro da páxina web <http://augasdegalicia.xunta.es>. Non obstante, por medido deste escrito procedemos a remitirle un exemplar do citado modelo.
- 2) Cada un dos tributos debe ser declarado no modelo correspondente a ese tributo segundo o indicado no punto anterior.
- 3) Para facilitar a presentación dos modelos do canon da auga e coeficiente de vertedura, están á súa disposición na área privada da web <http://canondaauga.es/gl> os seguintes documentos
 - Documento pdf con preguntas frecuentes en relación ás autoliquidacións
 - Documento pdf con instrucións sobre a cobertura dos modelos de autoliquidacións

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2014

Páxina 3 de 5

- Documento pdf con instrucións para crear os ficheiros .txt de declaración de impagados.
 - Ficheiro en formato mdb (base de datos) a partir do cal pode xerar o ficheiro .txt de acordo coas instrucións antes indicadas.
- 4) No caso de declarar recibos impagados, esta declaración debe ser realizada exclusivamente mediante o ficheiro informático establecido no anexo XXII da Orde do 26 de xuño de 2012 pola que se aproban os modelos de declaración e autoliquidación do canon da auga e do coeficiente de vertedura creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. A tal efecto os códigos de entidade subministradora que se lle asignan son os que se amosan no anexo do presente escrito.
- 5) Os ingresos deben efectuarse en calquera das oficinas de NOVAGALICIA BANCO na conta número ES83 / 2080 / 5355 / 6031 / 10037252 , durante o mes de xaneiro de 2014 con prazo máximo ata o día 31 dese mes, e deberá presentarse o modelo de Autoliquidación (modelo AU230A, AU230B e Modelo 100) no mesmo prazo ante este Ente.

No caso de que calquera das autoliquidacións sexa ingresada fóra de prazo, deberá satisfacer o recargo correspondente establecido para declaracións extemporáneas no artigo 27 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Recordámoslle que a data de pago, a todos os efectos, é a de ingreso efectivo na conta da entidade colaboradora -NOVAGALICIA BANCO- polo que, no caso de que o pago das autoliquidacións sexa realizado en calquera outra entidade bancaria mediante transferencia bancaria, debe terse en conta o desfase temporal que poida existir entre a data de orde de transferencia e a data de ingreso efectivo na conta da entidade colaboradora, de tal sorte que pode darse o caso de que aínda que a orde de transferencia sexa dada dentro do prazo regulamentario, o ingreso efectivo na conta da entidade colaboradora teña lugar fóra de prazo, o que implicaría a emisión do recargo por autoliquidación extemporánea correspondente.

Para calquera dúbida ao respecto, Augas de Galicia está á súa disposición no teléfono 981 545081.

A subdirectora xeral de Réxime Económico e Financeiro



Asdo.: *Catalina Cadiñan Os Pérez*

